

# CURRÍCULO

## Bacharelato

---

# Literatura Universal

---



## 1. Literatura Universal

---

### 1.1 Introducción

A materia Literatura Universal continúa o trazado seguido para a educación literaria na etapa anterior, á vez que complementa a abordada en Lingua Castelá e Literatura de bacharelato. Constitúe un espazo privilexiado para o desenvolvemento das dúas modalidades de lectura literaria tratadas ao longo de toda a escolarización —a lectura guiada e a lectura autónoma—, o que favorece a confluencia dos seus respectivos corpus e as súas formas de fruición. Desta maneira, os adolescentes e a xuventude afástanse paulatinamente da mera lectura identificativa e argumental de obras próximas ao seu ámbito de experiencias, para acceder a obras complexas que reclaman habilidades de interpretación máis consolidadas e que abren a súa mirada a outros marcos culturais e espaciais de diferentes épocas.

Esta materia permite a apropiación dun mapa de referencias compartidas —obras e autores do patrimonio universal; movementos estéticos; xéneros e subxéneros; temas, tópicos, arquetipos, símbolos etc. recorrentes ao longo da historia—, á vez que convida ao cuestionamento crítico dun canon que deixou fóra gran parte das obras escritas por mulleres ou por autoras e autores non occidentais. A ampliación dos imaxinarios contribúe sen dúbida á cohesión social, á inclusión, á educación intercultural e á coeducación. A lectura compartida e autónoma dos clásicos da literatura universal, a deliberación argumentada e o comentario textual ao redor deles, o desenvolvemento de procesos de indagación ou as actividades de apropiación e recreación dos clásicos potencian o desenvolvemento do conxunto das competencias clave.

En coherencia con todo o anterior, son cinco os obxectivos que vertebran o currículo de Literatura Universal e que xiran ao redor dos eixes que se indican a continuación. En primeiro lugar, o desenvolvemento de habilidades de interpretación de clásicos da literatura universal que teñan en conta as relacións dos elementos construtivos da obra co sentido desta, así como a súa vinculación co seu contexto histórico e literario. En segundo lugar, a lectura comparada de obras de diferentes épocas, contextos, xéneros e linguaxes artísticas que permitan constatar a existencia de universais temáticos e canles formais recorrentes ao longo da historia, así como recoñecer semellanzas e diferenzas. En terceiro lugar, o desenvolvemento de estratexias de lectura autónoma que aproveiten os mapas de referencia propios da lectura guiada. En cuarto lugar, a apropiación dun marco de referencias compartidas e dun mapa cultural que permita contextualizar as futuras experiencias literarias e artísticas ás que o alumnado vaia tendo acceso. Por último, a participación no debate cultural arredor do canon literario e da necesidade de incorporar outras

obras e outras lecturas que dean conta da diversidade de miradas sobre o mundo e a importancia da literatura na construción de coñecemento e de imaxinarios.

Os criterios de avaliación, cun enfoque inequivocamente competencial, atenden aos coñecementos, destrezas e actitudes relativos á interpretación de textos literarios, á formulación de xuízos de valor argumentados sobre as obras e á conformación dun mapa cultural que permita a inscrición destas no seu contexto sociohistórico, literario e cultural. Todo iso reclama a diversificación de instrumentos e ferramentas de avaliación ao servizo do diagnóstico e da mellora das habilidades vinculadas á recepción, produción e interacción oral e escrita, así como aos procesos de investigación e ao desenvolvemento do pensamento crítico.

Dado que o encontro entre textos e lectores constitúe o núcleo central da materia, os saberes organízanse ao redor de tres bloques vinculados á lectura guiada e á lectura autónoma de clásicos da literatura universal. O corpus é polo tanto coincidente, aínda que se desenvolven estratexias diferenciadas para unha modalidade e outra de lectura. En canto á selección de textos, apóstatase por un corpus aberto que cruza o eixe temático co de xénero, convidando os docentes á configuración de itinerarios ao redor dunha obra que será obxecto de lectura guiada e compartida na aula. Organizada ao redor de catro fíos temáticos —o eu, os outros, o mundo e a natureza, cada un dos cales se vincula preferentemente a un xénero ou subxénero literario—, a presentación non ten pretensións nin de limitar nin de esgotar as posibilidades de construción de itinerarios, é dicir, non constitúen un catálogo de prescricións xustapostas. O seu obxectivo é facilitar lle ao profesorado a construción de itinerarios de progreso adaptados á diversidade e ás necesidades do alumnado.

Non se pretende en ningún caso, polo tanto, que ao longo do curso se esgoten todas as posibilidades que entraña a proposta, senón de que cada docente seleccione un número determinado de obras e elixa un foco que lle permita vinculalas a outras obras doutros contextos culturais ou moldes xenéricos, para proceder posteriormente á lectura comparada dunhas e doutras. Estes han de permitir unha aproximación a diferentes momentos, contextos de produción e recepción, conflitos, arquetipos literarios, canles formais, formas de expresión etc. e á lectura comparada de textos clásicos e contemporáneos, nacionais e estranxeiros, literarios e non literarios (historiográficos, de crítica literaria ou doutros códigos artísticos, incluída a ficción audiovisual e dixital contemporánea).

Privilexiar o enfoque temático non debe supoñer, en ningún caso, prescindir da contextualización histórica das obras e da reconstrución da súa xénese artística e da súa pegada no legado posterior, nin relegar a un segundo plano os valores formais e especificamente literarios dos textos. De feito, a proposta amálgama os grandes temas da literatura coas distintas formas e

xéneros en que se concretaron en cada obra e momento histórico. O eixe temático ofrece unha base que permite atravesar épocas e contextos culturais, establecer relacións entre o hoxe e o onte e entre literaturas diversas e conectar con cuestións que lle preocuparon á humanidade ao longo dos séculos e acerca das que aínda hoxe se preguntan os adolescentes e a xuventude.

Por todo iso, en cada un dos bloques temáticos hai descritores que permiten trazar itinerarios máis concretos, nos que a obra elixida irá acompañada dun conxunto de textos que permitan a súa inserción no contexto histórico cultural de produción e a tradición literaria anterior e posterior, así como o acceso á historia das súas interpretacións e ao horizonte actual de recepción, tanto no plano das ideas coma das formas artísticas.

## 1.2 Obxectivos

Obxectivos da materia
<p>OBX1. Ler, interpretar e valorar clásicos da literatura universal atendendo tanto ás relacións internas dos elementos constitutivos do xénero e ás súas funcións nas obras como ás relacións externas das obras co seu contexto de produción e á súa inscrición na tradición cultural, para ampliar as posibilidades de gozo da literatura e para estimular a creatividade literaria e artística.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Este obxectivo ten a función de desenvolver habilidades de interpretación que permitan o acceso a obras relevantes do patrimonio literario universal. Estas habilidades permitirán a verbalización dun xuízo de valor fundamentado sobre as lecturas, apoiado na súa apreciación estética e artística, e axudarán a construír un mapa cultural que conxugue os horizontes nacionais cos europeos e universais e as obras literarias con outras manifestacións artísticas. Trátase de conseguir unha fruición consciente e elaborada da lectura.</li> <li>▪ Non se pretende, con todo, acometer unha historia da literatura de pretensións enciclopédicas, senón seleccionar un número reducido de obras que serán obxecto de lectura guiada e compartida na aula e que irán acompañadas dun conxunto de textos que permitirán tanto a súa contextualización histórica e cultural como a súa inscrición na tradición literaria, o acceso á historia das súas interpretacións e o diálogo con outras formas artísticas clásicas e contemporáneas. Cada itinerario combinará, polo tanto, obras de diferentes xéneros literarios, períodos históricos e contextos culturais en función do eixe elixido como fio condutor e das que se seleccionarán fragmentos significativos. Trátase, en fin, de acompañar a lectura na aula dalgunhas obras relevantes do patrimonio literario universal, seleccionadas pola súa relevancia para mostrar as relacións que establecen con outros textos e cos valores ideolóxicos e estéticos do seu contexto de produción, así como pola súa capacidade de iluminar e explicar o noso presente.</li> </ul>
<p>OBX2. Ler de maneira autónoma clásicos da literatura universal como fonte de pracer e de coñecemento e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Desenvolver este obxectivo implica avanzar na consolidación da autonomía e na construción da propia identidade lectora, esencial para a pervivencia do hábito lector máis alá da vida escolar, dedicando un tempo periódico e constante á lectura individual e asegurando momentos de reflexión e conversación que permitan establecer</li> </ul>



relacións entre os textos lidos. A confluencia do corpus propio da modalidade de lectura guiada co da modalidade de lectura autónoma propicia a provisión de mapas de referencia que permitan a construción de itinerarios de progreso. A apropiación de habilidades de interpretación e comprensión capaces de vencer as resistencias que expoñen as obras de certa complexidade favorece o desenvolvemento de criterios de selección, imprescindibles na formación de lector literario autónomo.

- Este obxectivo contribúe á apropiación por parte do alumnado dun saber literario e cultural que permite establecer relacións entre as lecturas guiadas e as autónomas, así como indagar sobre as obras lidas, mobilizar a propia experiencia lectora e cultural na comprensión e interpretación dos textos e situar con precisión os textos no seu contexto histórico e cultural. Ademais, favorece a reflexión persoal acerca das distintas convencións a partir das cales se constrúen as obras.

OBX3. Establecer vínculos entre obras de diferentes épocas, contextos, xéneros e linguaxes artísticas recoñecendo as semellanzas e as diferenzas en función dos seus respectivos contextos de produción e da interrelación entre literatura e sociedade, para constatar a existencia de universais temáticos e canles formais recorrentes ao longo da historia da cultura.

- O coñecemento dos imaxinarios —tanto dos seus elementos simbólicos coma das canles formais en que o ser humano cifrou e comunicou a súa experiencia elaborándoa artisticamente ao longo da historia— constitúe outro dos obxectivos propios da materia. Privilexar o eixe temático na construción de itinerarios e abrilos á lectura intertextual ten un indubidable interese antropolóxico e cultural e unha enorme rendibilidade didáctica, xa que permite constatar a existencia de tópicos, temas e motivos que perviviron e determinar o seu diferente tratamento e recepción en diferentes épocas e contextos.
- Todo iso axúdanos a entendernos como individuos que senten e pensan nuns esquemas herdados, debedores dun legado cultural no que a literatura xoga un papel determinante, e que foi descartando ou consolidando formas e temas, ata o punto de depurar estas formas e estes temas nuns moldes: os xéneros literarios. Trátase de entender, en fin, a literatura como unha modalidade diferenciada da linguaxe cotiá, pero que absorbe e conforma a nosa constitución psicolóxica e social. Somos seres incapaces de pensarnos á marxe dun sistema de símbolos e experiencias comúns e, nese aspecto, a literatura desenvolve unha función esencial.

OBX4. Consolidar un marco de referencias compartidas a partir do coñecemento dalgúns trazos dos principais movementos estéticos e algunhas das obras literarias máis relevantes do patrimonio universal para conformar un mapa cultural no que inscribir as experiencias literarias e culturais persoais.

- A construción de imaxinarios, outrora confiada á literatura, descansa hoxe en día sobre os produtos da ficción audiovisual. Con iso refórzanse os vínculos xeracionais, mentres que se debilitan os vínculos interxeracionais pola ausencia de relatos compartidos. Por outra banda, a fragmentación e a vertixe propias das formas de vida actual dificultan a mirada ás ondas longas da historia, a arte e a cultura, imprescindibles para trazar as relacións que establecen unhas obras e outras tanto no plano sincrónico como no diacrónico. Á escola correspóndelle, polo tanto, un dobre labor: dun lado, a transmisión dun patrimonio cultural que consideramos valioso, ese conxunto de libros sobre os que, en determinado momento, descansa toda a cultura; doutro, a provisión duns mapas de referencia, simples e rigorosos, áxiles e precisos, nos que caiba inscribir as diferentes experiencias culturais ás que cada persoa vaia tendo acceso, máis alá mesmo dos anos de escolarización.
- Por iso, e aínda que o eixe de selección e de organización dos textos non sexa o cronolóxico, o ensino da literatura non pode prescindir da visión de conxunto da historia literaria nin ignorar a especificidade formal do texto literario,



vinculada ás convencións artísticas do seu tempo e á evolución dos xéneros literarios. Con todo, esta visión de conxunto non debe interpretarse como un punto de partida do que se desprenden, como meros testemuños ou exemplos, os textos literarios, senón como un punto de chegada. Será a lectura dos textos —cuxa interpretación requirirá de elementos contextuais variados (históricos, sociais, artísticos e culturais)— a que favorecerá a construción paulatina e compartida dun friso que permita observar, nun gran plano xeral, os grandes movementos estéticos, así como o lugar que ocupan neste as obras máis relevantes do patrimonio literario universal.

OBX5. Participar na construción dun canon literario universal que integre a perspectiva de experiencia das mulleres a través da lectura de obras de escritoras e que supere os marcos da cultura occidental para desenvolver o pensamento crítico con respecto á construción discursiva do mundo e dos seus imaxinarios.

- A sensibilidade contemporánea e os estudos literarios recentes coinciden ao sinalar clamorosas ausencias na construción do canon dunha literatura pretendidamente universal. Ausentes as mulleres, ausentes tamén as voces non occidentais, faise inescusable unha reconstrución do canon que incorpore unhas e outras á vez que indaga nas causas da súa exclusión. Se a literatura é un axente determinante na construción dos imaxinarios, a educación literaria debe incorporar habilidades de lectura, interpretación e reapropiación efectiva e afectiva dos textos que desenvolvan unha mirada distanciada e que favorezan a reflexión crítica acerca da construción discursiva do mundo. Iso permitirá recoñecer e descartar actitudes inconscientemente sexistas e etnocéntricas ou racistas.
- Para tal fin, a selección das obras obxecto de lectura compartida, así como os fragmentos a elas asociados, deben incorporar mostras representativas dun patrimonio autenticamente universal, con presenza de mulleres escritoras e obras non occidentais. O fío condutor dalgún destes itinerarios podería poñer o foco precisamente nestes aspectos. A presentación dun corpus de textos organizados neste sentido pretende favorecer estas apostas.

### 1.3 Criterios de avaliación e contidos

#### Primeiro curso

Materia de Literatura Universal 1º curso	
Bloque 1. Lectura guiada: temas e formas da literatura universal	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.1. Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.</li> </ul>	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.2. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.</li> </ul>	OBX1



<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.3. Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras, establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.</li> </ul>	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.4. Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.</li> </ul>	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.5. Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.</li> </ul>	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.6. Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.</li> </ul>	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.7. Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.</li> </ul>	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.8. Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, obras literarias de contextos non occidentais ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha mirada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria.</li> </ul>	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.9. Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.</li> </ul>	OBX5

#### Contidos

- Dcir o eu. Identidade e literatura.
  - Poesía lírica.
  - A canción, forma de expresión dos sentimentos.
  - Literatura testemuñal e biográfica: diarios, cartas, memorias etc.
  - Realidade ficticia ou realidade representada: autobiografías, autoficción etc.
  - Narrativa existencial: personaxes en crise.
- Dialogar cos outros.
  - Fronte á lei ou ao destino: a traxedia.
  - Fronte ás convencións sociais: o drama.



- Humor crítico, humor compracente: a comedia.
- Imaxinar o mundo, observar o mundo, actuar no mundo.
  - Mundos imaxinados: mitos e narrativa. Mitoloxías. Heroes e heroínas. Viaxes imaxinarias. Espazos e criaturas fantásticas. Utopías, distopías, ciencia ficción.
  - Mundos observados: conto e novela. *Bildungsroman* ou novela de formación. Espazos privados, espazos públicos: afectos íntimos e lazos sociais. Desigualdades, discriminación, violencias. Guerra e revolución. Migracións e identidades culturais. Colonialismo e emancipación. Diálogos co poder.
  - Mundos de evasión. A literatura de aventuras e a novela policial. Literatura de terror.
  - Mundos en imaxes. O cómic. O cinema.
  - A arte como compromiso: o ensaio. A literatura de ideas
- O ser humano, os animais e a natureza: admiración, sobrecollemento, denuncia. Poesía, narrativa e ensaio.

Bloque 2. Lectura guiada: estratexias de análises, interpretación, recreación e valoración crítica para a lectura compartida

Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA2.1. Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.</li> </ul>	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA2.2. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.</li> </ul>	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA2.3. Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras, establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.</li> </ul>	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA2.4. Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.</li> </ul>	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA2.5. Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.</li> </ul>	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA2.6. Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal, ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto</li> </ul>	OBX3





de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.7. Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.</li> </ul>	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.8. Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, obras literarias de contextos non occidentais ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha mirada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria.</li> </ul>	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.9. Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.</li> </ul>	OBX5
<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.</li> <li>Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.</li> <li>Identificación e análise dos tópicos literarios como elementos de continuidade na creación literaria.</li> <li>Utilización da información socio-histórica, cultural e artística necesaria para interpretar as obras e comprender o seu lugar e importancia na tradición literaria.</li> <li>Establecemento de vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, estilos e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.</li> <li>Indagación arredor do funcionamento da literatura como artefacto ideolóxico determinante na construción dos imaxinarios sociais e culturais, facendo fincapé na perspectiva de xénero.</li> <li>Expresión argumentada da interpretación dos textos integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos.</li> <li>Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión e de oralización implicados.</li> <li>Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.</li> </ul>	
<b>Bloque 3. Lectura autónoma de obras relevantes do patrimonio universal</b>	
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Obxectivos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.1 Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.</li> </ul>	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.2. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou</li> </ul>	OBX1



fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.3. Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal, atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras e establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.</li> </ul>	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.4. Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.</li> </ul>	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.5. Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.</li> </ul>	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.6. Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.</li> </ul>	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.7. Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.</li> </ul>	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.8. Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.</li> </ul>	OBX5
<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>Selección das obras de maneira autónoma e coa axuda de recomendacións especializadas.</li> <li>Participación en conversacións literarias e en intercambios de recomendacións lectoras en contextos presenciais e dixitais.</li> <li>Utilización autónoma e frecuente de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.</li> <li>Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido.</li> <li>Expresión da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, estruturais, estilísticos, xenéricos e aos valores éticos e estéticos das obras.</li> <li>Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou con outras manifestacións artísticas.</li> <li>Recomendación das lecturas en soportes variados atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.</li> </ul>	

#### 1.4 Orientacións pedagóxicas

A intervención educativa na materia de Literatura Universal desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e das liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos apartados seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Literatura Universal e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos non anexo I

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	4					1		1-2-3.1-3.2-4.2
OBX2	2-4			3	1.2-5			1-2-3.1
OBX3	1-2-4			1	5	1		1-2
OBX4	4			2-3		1		1-2-4.1-4.2
OBX5	1-2-4				4	1		1-2

#### Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo para actuar con creatividade, iniciativa e espírito crítico, a través dunha metodoloxía didáctica comunicativa, activa e participativa. Convén, polo tanto, orientar o alumnado cara á aproximación aos métodos de análise, indagación e investigación propios da modalidade textual elixida e do tipo de actividade proposta. Non hai que esquecer, neste sentido, a importancia da educación en valores a través da literatura, que ha de formar parte do proceso de ensino e aprendizaxe co fin de contribuír á adquisición dunha madurez persoal e social no alumnado que lle permita actuar de forma responsable e autónoma. Así mesmo, é imprescindible que a práctica docente da materia estimule no alumnado o interese e o hábito lector, de xeito que

se lle garanta a oportunidade de desenvolver adecuadamente a linguaxe oral e escrita en diversos contextos comunicativos.

- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Convén lembrar tamén que a avaliación non ha de aplicarse exclusivamente ao produto final, elaborado de forma individual ou en grupo, senón que debe abarcar todo o proceso de creación do texto oral, escrito ou multimodal, tendo en conta a capacidade do alumnado para aprender de maneira autónoma, traballar en colaboración con outros compañeiros e aplicar os métodos de investigación adecuados. Algunhas suxestións para a creación de proxectos significativos son: a ilustración dunha obra literaria, a creación dun cómic con editores informáticos, a composición dun videoclip ao redor do argumento dunha obra, a identificación de tópicos literarios en cancións, a creación dun telexornal literario con noticias relacionadas con movementos, tendencias, obras e autores, con correspondentes en cada país elixido ou a elaboración dun *quizz* literario. Para o desenvolvemento destas ou doutras iniciativas semellantes, recoméndase partir da confección de discursos que respondan aos diferentes moldes xenéricos ao redor de modelos recreados, incidindo especialmente nas estratexias que constitúen o proceso da escritura: a planificación do traballo, a redacción ou textualización a partir de borradores e a revisión destes antes da composición definitiva.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. Así, por exemplo, para o traballo colaborativo, poderíanse formar pequenos grupos de alumnos e alumnas cuxa composición varíe segundo o tipo de tarefas que deban desempeñarse. Desta forma, favorécese a coeducación e facilítase a intervención docente naqueles grupos que a requiran en maior medida. Por outra banda, é importante incidir nos contidos e nas actividades en que os estudantes mostren un nivel menos homoxéneo.
- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode alcanzarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión ao redor deles, tendo presente que esta non debe organizarse en saberes disciplinares estancos e descontextualizados que prolonguen a separación entre a reflexión lingüística e o uso da lingua ou entre a reflexión literaria e o gozo de ler. Pola contra, debe adaptarse á realidade cambiante dun alumnado que vive inmerso nunha sociedade dixital e que é capaz de buscar información de

maneira inmediata a través das TIC, ampliando progresivamente a capacidade de comprensión e expresión oral e escrita, así como a súa educación literaria.

- A proposta de lectura de obras que estimulen o desexo de ampliar os ámbitos de coñecemento, que mostren aspectos clave do contexto sociocultural e que eleven o nivel de capacitación verbal do alumnado. Convén incidir na aplicación e no desenvolvemento de estratexias que potencien a expresión dos propios gustos literarios e que fomenten a creación dunha identidade lectora persoal e definida. Para logralo, é preciso habituar o alumnado a que lea con distintas motivacións e finalidades: para buscar información, para perfeccionar o uso da lingua ou linguas manexadas e para fomentar o achegamento a esta práctica como fonte de gozo. A educación literaria ha de asumir, polo tanto, o obxectivo de converter os alumnos e as alumnas en lectores competentes e progresivamente autónomos, implicados nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a súa vida.
- As estratexias de lectura compartida para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. Algunhas propostas concretas poden ser as seguintes: talleres de escritura creativa, organización de faladoiros literarios, creación de audiolibros ou dramatizacións e encontros con autoras e autores. Para a organización e o desenvolvemento adecuado de actividades como estas, convén incidir antes en tarefas de comprensión, análise, interpretación e produción, tanto de textos funcionais e non literarios (orais e escritos) coma literarios ou ficticios. A adquisición da competencia necesaria para a elaboración adecuada de discursos tales como os diálogos, coloquios, entrevistas ou os debates literarios precisa dunha exercitación previa na produción de textos e discursos orais e escritos acordes á situación comunicativa na que se efectúen.
- As estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras. Entre outras, *booktrailers*, emprego de aplicacións recompilatorias e exposicións de recensións literarias.
- O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado, para que sexa capaz de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión. Exemplos: realizar exposicións de poesía creada e ilustrada polo alumnado, adaptación audiovisual dun relato ou a representación dunha obra teatral, colaboración nunha revista escolar, participación en concursos ou rutas literarias.
- O comentario e a análise das obras literarias e dos fragmentos propostos na clase, tanto na súa aproximación sincrónica coma na diacrónica, han de respectar os supostos comunicativos

e textuais e completarse coas peculiaridades de cada xénero literario, tendo en conta tamén as interrelacións existentes entre os contextos e as situacións en que se producen as obras, así como as formas e os contidos destas. A asunción desta estratexia require de fases previas e fundamentais, como a lectura e a comprensión de textos nos que o alumnado poida diferenciar a información, a exposición e a argumentación, así como descubrir o gozo na recreación da lingua e na súa beleza e o desenvolvemento da súa imaxinación. O coñecemento de contextos, temas ou tendencias literarias permite achegarse de maneira práctica e funcional ás lecturas na súa complexidade e tamén fomentar o hábito lector, a ampliación e a riqueza do vocabulario, a importancia da oralidade e a necesidade da corrección expresiva para alcanzar un bo entendemento e unha comunicación social inequívoca. A análise de textos permite, ademais, profundar nos vínculos entre a literatura e outras artes, así como recoñecer a influencia de mitos, temas e tópicos creados pola literatura e o seu valor permanente na cultura universal. Un estudo comparativo arredor do tratamento dun contido determinado e a súa plasmación en distintas disciplinas artísticas e sociais constitúe un exemplo da operatividade desta estratexia.